



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 28 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 26 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais:

- D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1b, 1c e 1d)
- D^a. Susana García Álvarez
- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
- D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
- D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a, 4c e 4d)
- D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4c)
- D. Jesús Núñez Torrón (asiste ao punto 4b)
- D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2c e 3a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 19 de setembro de 2016

Apróbese a acta da Mesa de Contratación do 19 de setembro de 2016 cos votos a favor de D. David Regades Fernández, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D^a. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 21 de setembro de 2016

Déixase pendente de aprobación a acta do 21 de setembro de 2016 para realizar correccións.

c) Acta da sesión do 22 de setembro de 2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Déixase pendente de aprobación a acta do 22 de setembro de 2016 para realizar correccións.

d) Acta da sesión do 23 de setembro de 2016

Déixase pendente de aprobación a acta do 23 de setembro de 2016 para realizar correccións.

2.- Apertura da documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que se requiriu a emenda da documentación persoal ás seguintes empresas: REALTURF SYSTEMS, SL, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, LIMONTA SPORT IBERICA, SL, PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL, CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, CONSTRUCTORA EDISERPO, SL, OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL, ELSAMEX, SA, NAROM, SL, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL, OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL e NATUR DEVELOP, SL.

Das anteriores empresas, non presentaron documentación no prazo concedido: PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL, CONSTRUCTORA EDISERPO, SL, OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA e OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL.

Si presentaron documentación: NAROM, SL, CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ELSAMEX, SA, REALTURF SYSTEMS, SL, LIMONTA SPORT IBERICA, SL, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU e NATUR DEVELOP, SL.

Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento ás empresas REALTURF SYSTEMS, SL e NATUR DEVELOP, SL por ter emendado a documentación persoal conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
2. Excluir ás seguintes empresas do procedemento aberto para a contratación das obras de Renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) polos seguintes motivos:

Licitador	Motivo exclusión
NAROM, SL	Para acreditar a solvencia técnica declaran unha obra por importe inferior ao valor estimado do contrato
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	Para acreditar a solvencia técnica declaran obras en 2015 e 2014, sendo insuficiente en ambas anualidades por ser inferior a súa contía ao valor estimado do contrato
ELSAMEX, SA	As obras que declaran non son análogas ás do obxecto do contrato, tal e como esixen a cláusula 8 e o punto 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares
LIMONTA SPORT IBERICA, SL	A escritura que achegan para emendar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

Licitador	Motivo exclusión
	documentación persoal (faltaba o obxecto social) correspóndese coa dunha empresa distinta do licitador (Greenfloor, SL) e, así mesmo, o obxecto social que nela figura non se corresponde co do obxecto deste contrato
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL	Presentan clasificación para acreditar a solvencia técnica, se ben a clasificación non só non se esixe neste procedemento, senón que non se permite como medio alternativo para acreditar a solvencia (cláusula 8 e apartado 6 das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares)
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	A solvencia técnica que declaran segue sendo insuficiente atendendo ao valor estimado deste contrato
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL	Por non ter emendado a documentación no prazo concedido
CONSTRUCTORA EDISERPO, SL	Por non ter emendado a documentación no prazo concedido
OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL	Por non ter emendado a documentación no prazo concedido
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	Por non ter emendado a documentación no prazo concedido
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	Por non ter emendado a documentación no prazo concedido

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

A secretaria le aos membros da Mesa o informe asinado pola administrativa do Rexistro Xeral de data 26 de setembro de 2016 no que indica *“No día de hoxe 26/09/16 recibíuse neste rexistro por correo dous sobres da empresa CARYOSA HYGIENICSOLUTIONS para o concurso aberto de subministro de desfibriladores exp 112/611 e por erro procedeu a abrir ditos sobres, non tendo acceso o seu contido e procedendo a pechalos no momento”*.

A continuación, procédese á apertura dos sobres A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

Licitadores admitidos
ANEK S3, SL
OSATU, S. COOP.
CARYOSA HYGIENICSOLUTIONS, SL

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:

- SERVITRONIX C. TORRES MORENO, SL: A súa declaración non inclúe o obxecto social da empresa (a declaración presentada reproduce o obxecto deste contrato), e non recolle o detalle da solvencia técnica por anualidades (declara contratos de subministros nos anos 2015 e 2016 pero non indica cales se corresponden con cada anualidade. Lémbrese que, neste caso, só se terán en conta os contratos de 2015 e non os de 2016, pois a cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación establece respecto da solvencia técnica

“Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.B das FEC se determinen outros distintos:

*Unha relación dos principais subministracións similares ao obxecto do contrato realizadas nos **últimos cinco anos** que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ao prezo do contrato”.*

- BIOMETRICS & SAFETY IBERICA, SL: Deberá detallar a solvencia técnica por anualidades. Na súa declaración recolle unha serie de subministros indicando institucións, contías e períodos dos contratos (“2015-2016” e “2015-2019”). Segundo a cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación “Considerarase acreditada a solvencia se **nalgún dos últimos cinco anos** acredita subministros por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”, polo que deberá detallar cada contrato por anualidade co obxecto de comprobar se nunha desas anualidades acredita subministros pola contía que fixa o prego. Lémbrese que só se terán en conta os contratos dos “últimos cinco anos”, quedando excluído o contrato de 2016 que recolle na súa declaración.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

Procédese á apertura dos sobres A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

Licitadores admitidos
APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, SL
TELINCO INFORMÁTICA, SLU
INFORHOUSE, SL
PAZ DISMAC, SL
SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SA
TECNOLOGIAS PLEXUS, SL

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:

- SISTEMAS Y COMUNICACIONES INFOSER, SL: solvencia técnica insuficiente. A empresa declara contratos nos anos 2015 e 2016, non podendo terse en conta os de 2016 ao abeiro da cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación que establece respecto da solvencia técnica:

“Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.B das FEC se determinen outros distintos:

*Unha relación dos principais subministracións similares ao obxecto do contrato realizadas nos **últimos cinco anos** que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ao prezo do contrato”.*

En consecuencia, o importe total dos contratos que declara a empresa na anualidade 2015 resulta insuficiente.

- TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU: falta o obxecto social da empresa
- HERBECON SYSTEMS, SL: falta o obxecto social da empresa

3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2c requirir a emenda da documentación persoal a tres empresas.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Incremento prazo garantía
REALTURF SYSTEMS, SL	166.859,00 €	85
SPORT EQUIPALIA, SL	197.537,74 €	144
MECANO SPORT, SL	173.030,00 €	132
MONDO IBERICA, SA	168.649,80 €	156
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL	187.550,00 €	48
NATURF DEVELOP, SL	189.212,24 €	132

Asisten á sesión pública D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción, D. Javier Peñas Liñan, con DNI 53.178.576-T, en representación de MECANO SPORT, SL e D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912, en representación de Fechi Aglomerados Crespo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

- CRUZ ROJA ESPAÑOLA: *“Propón como prezo sen IVE do contrato o de tres millóns cento un mil douscentos oitenta e sete con vinte catro euros (3.101.287,24 euros), sendo a cota correspondente o IVE (IVE EXENTO) o que supón un prezo total do contrato de tres millóns cento un mil douscentos oitenta e sete con vinte catro euros (3.101.287,24 euros)”*. *“Comprométese a aportar seis (nº) de medias xornadas laborais anuais...”* Achega orzamento desglosado.
- CLECE, SA: *“Propone como precio sin IVA de contrato 3.084.115,24 euros, siendo la cuota correspondiente al IVA la de 308.411,52 euros o que supone un precio total*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

del contrato de 3.392.526,76 euros". "Se compromete a aportar 6 (seis) de medias jornadas laborales anuales..." Achega orzamento desglosado.

- ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5: "Propón como prezo sen IVE do contrato o de 3.350.306,36 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 335.030,64 euros o que supón un prezo total do contrato de 3.685.337,00 euros". "Comprometese a aportar (6) de medias xornadas laborais anuais..." Achega orzamento desglosado.
- EMAÚS FUNDACION SOCIAL: "Propone como precio sin IVA del contrato el de 3.420.296,96 euros, siendo la cuota correspondiente al IVA la de 0,00 euros lo que supone un precio total del contrato de 3.420.296,96 euros". "Se compromete a aportar 6 medias jornadas laborales anuales..." Achega orzamento desglosado.
- EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA: "Propone como precio sin IVE del contrato el de 3.346.604 euros, siendo la cuota correspondiente al IVA la de 334.660,40 euros lo que supone un precio total del contrato de 3.681.264,40 euros". "Se compromete a aportar 3 medias jornadas laborales anuales..." Achega orzamento desglosado.

Asisten á sesión pública D^a. Noemí Pérez Lozano, con DNI 36.162.289-X, e D. José Antonio Virola, con DNI 53.180.918-X, ambos en representación de CLECE, SA; D^a. María Isabel Otero Soto, con DNI 36.097.110-J, en representación de CRUZ ROJA ESPAÑOLA; D^a. María Juncal Blanco Granado, con DNI 43.525.671-B, en representación de EMAÚS FUNDACION SOCIAL; e D^a. Ana María Martínez Rodríguez, con DNI 77.004.521-S, en representación de ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)

En acto público abriuse o sobre C "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Empresas licitadoras	Prezo	Incremento prazo garantía
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	418.725,63 €	-



Empresas licitadoras	Prezo	Incremento prazo garantía
UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - CONSTRUCCIONES RAMIREZ	390.420,17 €	60
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	388.614,48 €	48
CIVIS GLOBAL ,SLU	384.466,61 €	72
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	381.342,90 €	156
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL	350.890,13 €	48
MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL	389.931,00 €	53
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	373.338,00 €	47
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	381.635,71 €	120
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA	380.659,66 €	88
PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	379.683,84 €	120
COPCISA, SA	377.048,28 €	138
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	383.096,89 €	51
NAROM, SL	367.238,97 €	99
ELSAMEX, SA	413.357,36 €	144
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	379.927,62 €	120
CONSTRUCCIONES VALE, SL	417.212,76 €	60
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	483.193,76 €	1.000

Asisten á sesión pública D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción, D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912, en representación de Fechi Aglomerados Crespo, D. Diego Prado Dopeso, con DNI 36.137.513-M, en representación de CONSTRUCCIONES VALE, SL e D. Isaac Vila Durán, con DNI 35.578.356-R, en representación de COPCISA, SA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b requirir a emenda da documentación persoal a dúas empresas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V. e Pr.

O presidente da Mesa (David Regades Fernández)

A secretaria (Ángela Fernández López)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 07:13	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC46-EDC44D-43223H-9B5TGQ-3RUU7D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		